



Coia, parroquia do Cristo da Victoria 50 anos facendo comunidade no barrio

O Entroido conta motores para ateigar as rúas de todo o país.



O trasno

Daniel López Muñoz

Davos, Arteixo e o palurdismo (con r) económico

Davos está na Suíza. Monte, fragas alpinas, lagos. Moi “chic”. E alí un club privado exclusivo organiza o Foro Económico Mundial. Son o Sanedrín da economía capitalista, unha elite de *sabios* defensores do *statu quo*: debaten como facer que ese capitalismo se adapte e sobreviva. Porque con tanta crise financeira, pandémica e bélica, a cousa está que arde.

Nos debates do Foro de Davos 2023 aprecíase un consenso sobre os riscos que para o sistema ten iso de que, con cousas como a economía dixital e o comercio electrónico, os ricos sexan cada vez menos, pero moito máis ricos. Falouse de “riqueza” e de “pobreza”, con esas palabras. De que esa concentración da riqueza, a crecente desigualdade e o empobrecemento das clases traballadoras e das chamadas clases medias é unha pésima noticia para o bo funcionamento do capitalismo mundial. É dicir, a evidencia de que nun mundo de ultrarricos (poucos) e empobrecidos (maiorías sen capacidade de compra), o capitalismo colapsará. En consecuencia, da necesidade dun sistema impositivo

avanzado que modere e compense as desigualdades que o mercado crea, que retire cartos das contas dos ricos para asegurar o benestar, os servizos básicos e as rendas suficientes dos afogados e empobrecidos pola tolemia actual. E puxeron a Pedro Sánchez polas nubes.

Arteixo está aí na volta. Paseos de mar brava, vales verdes e boas empanadas. Sitio xeitoso. E un polígono - nada é perfecto - no que, ademais de Inditex, están La Voz de Galicia e o Museo Santiago Rey Fernández-Latorre, onde hai poucos meses se celebrou o *Foro Económico de La Voz y Abanca*. Alí o licenciado en dereito, Rueda, sacou músculo rebelde liberal, anunciando unha rebaixa do 50 % no imposto aos ricos –de competencia galega–, o que grava o patrimonio. Unha perda para o público duns 33 millóns de euros anuais (arredor de 550 médicos). Nada novo. Simple reafirmación no dogma erróneo que Da-

vos cuestiona. Seguía o ronsel do seu mentor o licenciado en dereito, Núñez, que marchou para facer as Hespañas e reconquistar o perdido en competencia coa licenciada en xornalismo, Ayuso, que antes de chegar onde chegou, tiña varios méritos recoñecidos na Wikipedia, como o de crearlle a Esperanza Aguirre a conta de Twitter do seu can Pecas, que comeza así: “Me llamo Pecas y vivo en Malasaña con una rubia castiza. Incontrolable. Liberal. Seductor.” (Velaí!: “liberal”).

Á parte de que Arteixo merecía algo máis, os malos economistas que nos gobernan deberían abrir as orellas e non porfiar na senda do colapso marcada por Pecas, a súa dona, a súa sucesora e o que compite coa súa sucesora por salvar a Patria.



Se un plan se mide polos seus resultados, o plan “plurilingüista” que a actual Xunta argallou e puxo en marcha logo do seu triunfo electoral en marzo de 2009 podería considerarse un fracaso. Ou non, quizais un total éxito. Depende de cal fose a real intención.

Referímonos a todo aquel movemento que se fixo para multiplicar o dominio de linguas entre os escolares galegos e converter escolas en centros “plurilingües” de castelán, inglés e mesmo, neste caso con estrita vixilancia inspectora, galego.

Na campaña electoral contra o bipartito, o PP aliouse con quen odiaba a posibilidade de que o galego recobrase vida ordinaria, usos en todas as esferas, normalización nas escolas. En Galicia soubemos ben que significaba aquilo da “posverdade” antes ca noutros sitios, cando descubrimos con abraio que Galicia Bilingüe significaba, en feitos e intencións, “España monolingüe”. A ruptura do consenso lingüístico logrado na era Fraga e concretado no Plan de Normalización Lingüística do 2004 era dinamitado. Máis de catrocentas medidas apoiadas por populares, socialistas e nacionalistas foron tiradas ao lixo e substituídas por algo indefinido que non pintaba ben porque contentaba os odiadores da normalización do galego. Era un prezo que había que pagar polo apoio electoral.

Os neurolingüistas están maioritariamente de acordo en que a familiarización temperá con dúas ou máis linguas acelera as conexións neuronais, flexibiliza o cerebro e predispono para futuras destrezas plurilingües. Somos bastantes en Galicia –no planeta Irimia hai abondas experiencias– que seguimos esa proposta: falarlle galego na familia aos nenos e nenas que aprendían castelán na escola, na tele, no súper ou na familia extensa. Durante unha época, a escola foi aliada nesa creación de individuos que falaban galego e castelán con naturalidade e fluidez. Porque o verdadeiro plurilingüismo nace da “exposición vital” ás linguas, do seu uso ordinario en contextos diversos.

O plurilingüismo escolar foi unha coartada para parcelar e minimizar o uso docente do galego. Para “non contaminar tanto a rapazada co galego”. As familias que apostaban polo plurilingüismo real quedaron sen apoio. Apareceron as máis dispares materias “en inglés daquela maneira”. O castelán fíxose en realidade omnipresente.

13 anos despois, o INE dá datos. O 28,2 % dos menores de 20 anos recoñece que non fala nada en galego ou con moita dificultade; o 32,8 % menores de 20 anos recoñecen non seren quen de escribir en galego.

E que tal de inglés? Pois o mesmo INE dá o dato: a nosa xente nova é a que ten o peor nivel de inglés de España. Un 74 % non entende nada de inglés.

Falta por saber que nivel de matemáticas, ciencias naturais ou física teñen aqueles que tiveron que estudar axudados por un profesor que facía o que podía para xestionar a súa materia, xa de seu complicada, cun inglés de B2 da escola de linguas.

Un éxito, está claro.

o verdadeiro plurilingüismo nace da “exposición vital” ás linguas, do seu uso ordinario en contextos diversos

O DEUS DE JON E O DEUS DE JOSEPH

A morte de Benedicto XVI tráeme á memoria a coincidencia, no 2007, de dous documentos do Vaticano: a exhortación papal, “Sacramentum Caritatis”, e o expediente admonitorio ao teólogo da liberación, Jon Sobrino

No primeiro documento, o papa Joseph Ratzinger chama á mobilización política dos católicos para impor na sociedade civil os principios morais do catolicismo, en materias como aborto, divorcio, eutanasia ou sexualidade. O papa esixe activismo político a curas, bispos e católicos de a pé para que os seus principios se implanten como dereito común civil das sociedades e dos Estados. Son os principios morais católicos os que deben prevalecer por riba das decisións ou acordos democráticos que as sociedades tomen que, para o Vaticano, han ter sempre un carácter subalterno. Os valores éticos, que a sociedade vai elaborando e cambiando ao ritmo da civilización mesma, son para o papa puro relativismo moral que hai que condenar, se non coinciden cos principios que a Igrexa mantén. Principios que se proclaman eternos, naturais e inmutables.

No segundo documento da “Congregación para a Doctrina da Fe” o Papa rexeita as teses de Jon Sobrino e promove a súa sanción. Sobrino nos seus escritos e prédicas tamén chama á implicación dos cristiáns na loita política, pero os obxectivos do teólogo son ben diferentes. Jon non pretende impor principios morais católicos nin trata de garantir o poder ou a influencia da xerarquía. Jon chama a combater, a carón dos pobres da terra, polos dereitos humanos e sociais, pola xustiza e polos intereses das clases traballadoras. Jon Sobrino propón que os cristiáns reinterpreten e, sobre todo,



vivan a súa fe desde unha praxis política comprometida coa liberación dos pobres e contra os privilexios inxustos dos ricos e poderosos.

Parece que, mentres Joseph Ratzinger predica enca-bezar unha cruzada, Jon Sobrino propón sumarse a unha revolución.

É coma se non tivesen o mesmo Deus. De feito, Joseph amonesta a Jon porque este prefere un Xesús histórico e humano, con fame de xustiza, a un Cristo metafísico, con sede de poder. Nin sequera son deuses só distintos, senón que se presentan coma deuses contraditorios e antagónicos. O Deus de Jon sería o dos pobres, dos marxinados, dos invisibles e dos oprimidos. O Deus de Joseph, o dos ricos, dos poderosos, dos notables e dos opresores.

Morreu Benedicto XVI e ao papa Francisco quedalle pouco para renunciar ou para que chegue a súa morte. Albíscase, pois, unha gran batalla sucesoria, que non debe escandalizar a ninguén porque estas liortas políticas entre os deuses están na cultura, na tradición relixiosa occidental: desde a titanomaquia, na que Zeus vence e fulmina cun raio a Cronos, ata a gran batalla apocalíptica, na que Miguel, co exército de Deus, derrota ao Dragón e convérteo en Satán, o anxo caído.

Ben visto, será esta outra batalla da gran guerra que se vén librando entre dous deuses: o de Jon e de Joseph. Batalla que interesa a todos, dado o poder político e diplomático que, espuria e anacronicamente, ostenta aínda a Igrexa Católica e que implica directa e politicamente a todos os católicos e cristiáns. Porque da política ninguén pode fuxir. Nin sequera aqueles que pretendan seguir o diabólico consello cínico que din que deu Franco: “Usted, amigo mío, haga como yo: no se meta en política”.

Albíscase unha gran batalla sucesoria, que non debe escandalizar a ninguén

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

TRMIA

Locais 2023, unha esperanza (II)

Releo a primeira entrega destas *Locais 2023* e recoñezo que me deixei levar polo terrible ambiente que se creou cando o **Constitucional** irrompeu nas votacións do Congreso. Afortunadamente o sangue non chegou ao río pero a *hiperpolarización* seguirá presente neste 2023. De feito xa é unha intención declarada do PP presentar as municipais como un **plebiscito** contra o goberno de coalición. Por iso **Ferrol**, unha das poucas oportunidades do PP, vai ser tan importante e, se **Gonzalo Jácome** é decisivo para os populares, non hai esperanza de que se poda evitar que siga mangoneando na cidade. Na lóxica do plebiscito contra Sánchez, pintar de azul o mapa da cidade de **Ourense** e provincia convertese nun obxectivo maior.

Presentar as municipais como un plebiscito baséase na idea de que quen gaña as locais, vai gañar as próximas xerais ou autonómicas. Pero iso non é exactamente así. En Galicia, por exemplo, o PP foi o partido máis votado no 2003 (as do **post-Prestige**) pero, dous anos máis tarde, no 2005, PSdeG e BNG conseguen formar goberno. Naturalmente, poder gobernar moitos concellos, deputacións ou autonomías é moi importante para un partido. É unha inxección de moral, aumenta a súa presenza pública, condicionan as políticas que se aplican, etc.. pero unha cousa non leva automaticamente á outra.

Nas municipais debilitase a lealdade ao bloque ideolóxico ou ao partido que se soe votar. Ten moita máis im-

portancia o que os politólogos chaman o *voto estratéxico*, e aparecen os **Abel Caballero**, **Fernández Lores** ou, no seu día

Francisco Vázquez na Coruña. É dicir hai poderosas dinámicas locais que chocan coa estratexia do plebiscito. Por iso, e porque o PP segue sen aliados para poder gobernar, e porque nas cidades máis grandes non houbo erros de importancia, non é fácil que vexamos cambios significativos en Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Lugo, Vilagarcía ou Narón.

As batallas máis importantes van estar nas vilas e nos concellos máis pequenos pois estes van ser decisivos nos gobernos das deputacións. Nas da Coruña e Pontevedra, non se esperan grandes cambios. A de Lugo estará máis disputada e na Ourense todo vai depender de Gonzalo Jácome.

En canto a influencia nas Xerais de final de ano, é imposible, por moito que nos digan as *tertulias*, saber que pode pasar máis aló dalgunhas xeneralidades. A inxección de moral que pode supoñer para **Feijóo** recuperar Castela-La Mancha cun novo pacto con Vox pode verse anulada pola reacción que provoque. Por non falar da capacidade da esquerda de dispararse un tiro no pé, o que parece case máis probable ca calquera outra cousa. Así que *festina lente* na análises políticas.

As batallas máis importantes van estar nas vilas e nos concellos máis pequenos



O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo



Benquerido Santo Antón:

Xustamente empezo a contestar ás túas últimas letras o día 17 de xaneiro, o día do teu santo. Claro que non sei se no alén seguides celebrando o santo; supoño que si, porque Deus, polo que sinto e imaxino, é moi dado a iso, a honrar a todo ser humano, home ou muller, polo feito de selo, e se a maiores ten unha alma limpa e un corazón xeneroso, pois mellor aínda. Celebrar o santo ou santa é gustarse na persoa que honrou o seu nome e memoria co seu estilo de vida.

Parabéns, logo, santo querido, no nome de toda esta tribo irimega que che ten o seu aquel de respectuoso afecto. Celebrádeo como ben sabedes, ao xeito do ceo, ao xeito da terra. Nós tamén así o faremos.

Permíteme que hoxe non te entoleza coas nosas historias e me recree nalgunha das túas. Ti es o santo Antón lacoeiro, o verdadeiro. Non sei por que che puxeron ese apelido, cando ti, sendo monxe e mestre de monxes, seguro que te privabas dese bocado que a moita xente tanto lle praxe. A cousa veu — non si? — porque como home de Deus e de aldea que eras, tivécheslles moita querenza aos animais todos e á natureza que os acubillaba. E mirabas por eles con ansia e coidados. E, ala!, a xente deu en levar os seus animalíños para que os vises e gozases con eles, para aprender de ti a coidalos ben e mesmo para bendilos como criaturas de Deus que eran, e ben fermosas por certo. E faciades festa á conta da cousa. Hum!, ata que un día a algún dos teus visitantes o demo lle suxeriu a noxenta idea de, para honrarte a ti e aos animais, levarche un lacón (que non sería para ti, senón para o crego lambón)!



Hoxe o crego non quere lacóns (tam pouco llos levamos!). Hoxe a festa do Santo Antón volveu ás súas orixes. Hoxe está medrando o respecto polos animais, mesmo temos un partido político chamado “animalista”, que ve no respecto aos animais un estilo de vida, unha maneira agradecida e non posesiva de se relacionar cos animais, coa natureza, coa xente. Va que é ben fermoso! Pois todo grazas a ti, santiño querido.

Pois nada, feliz santo, amiguiño! Bicos e recordos por aí.

O CARRABOXO por KOBÉ LOIS



O peto común

Josecho de la Torre Culler

Redmeteo



EMIA

Non sei se seguides, nalgunha das diferentes canles, a páxina **Redmeteo**. Esta páxina, que conta con milleiros de seguidores –acadou os 17 000 en Facebook–, está dirixida por David Rodríguez Gómez, un veciño de Campo Lameiro, apaixonado da meteoroloxía, que camiña cara ao soño de ser “home do tempo”. Pola singularidade, hoxe traemos aquí este proxecto tan fermoso na forma como interesante no fondo, que nace e medra da ilusión dun mozo creador. Unha dose de paixón pola meteoroloxía e a constancia. Diferente, sobre todo nunha atmosfera onde algúns titulares do tempo mesturan a evidencia do cambio climático e o sensacionalismo e fan que semanas antes de cada fenómeno atmosférico haxa que “tremar” por algo insólito. Contrasta isto coa prudencia que amosa esta páxina no prognóstico cando as predicións son complexas e tamén coa sutileza á hora de ofrecer os diferentes escenarios que poden darse, seguidos de forma gradual ata achegarse ás análises máis certeiras.

Redmeteo destaca por achegarnos o tempo nunha linguaxe familiar e achegada a todos. Unha páxina didáctica que un día define algún dos centos de termos que temos para referirnos á chuvia, outro día sobe un vídeo “da que está caendo nalgún punto do país”, pode compartir unha análise sobre a borrasca que xa nos deixou ou ofrece datos das precipitacións con-



trastadas con valores pasados. E mapas, moitos mapas explicativos nos que aprendemos.

A última idea foi a de abrir un post a finais de xaneiro, para que a xente puidese expoñer dúbidas sobre meteoroloxía, que el responderá en vídeos. Non deixa de sorprendernos.

...Despois de tanta choiva, agardamos ver axiña o sol amarelo nos mapas de Redmeteo.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Cando eu era rapaz, nas aulas de galego, faláronme dunha cousa que se chamaba a regueifa. A pobre da profesora dicía que só coñecía algo parecido a iso e que o vira en Portugal. Miña pobre! Falaba de oídas. Tamén dicía que algo parecido era o que se facía nalgunha parroquia da zona da Ulla con algo duns xenerais... Falar diso era como falar das guerras carlistas, algo que sonaba de épocas pasadas.

Grazas a iniciativa de Sechu Sende e duns cantos toliños recuperouse a regueifa pero non como unha xoia de museo. Recuperouse como algo vivo. Agora hai centos de mozos e mozas, nenos e nenas de diferentes centros educativos de Galicia que non só coñecen a regueifa, senón que a practican. Iso si, chea de novos valores pero co mesmo humor de sempre.

Achégase o entroido, tempo favorable para a regueifa. Se non nos atrevemos a regueifar polo menos gocemos da improvisación oral en galego. Longa vida a regueifa porque parece que a ten.



REGULARIZACION. YA é un movemento cidadán antirracista que loita dende o ano 2020 pola plenitude de dereitos das persoas migrantes. O 19 de febreiro do ano pasado iniciaron a recollida de sinaturas para a tramitación da ILP de regularización da situación administrativa das migrantes e refuxiadas, proceso no que participaron 900 organizacións e colectivos, comunidades, barrios e partidos políticos; en decembro rematou coa entrega de 700 000 apoios na Xunta do Censo Electoral.



COMADRE foi elixida por votación popular palabra do ano 2022, na convocatoria promovida pola Real Academia Galega. Ademais do seu significado relacionado co parentesco, a RAG di que o termo “reivindícase como un xeito de designar aquelas que tecen redes de sororidade en pleno século XXI”, lembrando as mulleres “mozas e vellas que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida”, contexto no que se emprega dende hai moito.



A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) constatou as deficiencias do sistema español de **AXUDAS PÚBLICAS**, evidenciando que o 20 % das persoas máis ricas do Estado recibiron máis do 30 % destas axudas, mentres que o 20 % máis empobrecido apenas recibiu un 12 %. A isto cómpre engadirle que cada vez hai menos presión fiscal en función da renda, o que acrecenta a desigualdade entre a cidadanía.



A organización Nexus Human Rights alerta sobre a gravidade da situación no departamento do Valle del Cauca, en **COLOMBIA**, onde organizacións sociais, sindicais e de dereitos humanos denuncian as agresións constantes e reiteradas ao seu labor de loita social. Estas ameazas e intimidacións proceden das autodenominadas Autodefensas Gaitanistas de Colombia e das disidencias das FARC, sen que o goberno, segundo denuncian as entidades sociais afectadas, estea a procurar unha resposta axeitada.

Tras a toma de posesión como presidente do Brasil, **LULA DA SILVA** derogou varios decretos do goberno anterior e asinou outros en materia ambiental, que supoñen a prohibición da minería ilegal (*garimpos*) e da tala ilegal de árbores no Amazonas. Acordou, así mesmo, reactivar o Fondo Amazonía, creado para a captación de doazóns para a preservación da flora e **instituíu** o Ministerio dos Pobos Indíxenas. Tamén freou varios procesos de privatización e adoptou medidas sociais, como a Bolsa familia.



Nun edificio da rúa Olmos da Coruña, dous frescos pintados por **URBANO LUGRÍS** agardan a decisión da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para seren declarados como Ben de Interese Cultural (BIC) e outorgarlles protección, dado o avanzado estado de deterioro do edificio no que se atopan. A humidade e a pouca calidade dos materiais empregados urxen unha actuación que o propio movemento asociativo promoveu diante da inacción dos organismos públicos.



Once Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de distintas comarcas galegas, xunto coa Axencia Galega de Servizos Sociais e Gadisa, porán en marcha no vindeiro mes de febreiro o programa **ECOCOMEDORES**, co fin de impulsar a incorporación de produtos de tempada ecolóxicos, procedentes de produtores locais, nos menús de centros escolares. Un equipo de nutrición avaliará os menús existentes e propondrá os cambios que considere oportunos, mais sen que iso supoña un incremento do seu custo económico.



Neste novo ano 2023 as galegas e os galegos teremos, como mínimo, dúas **CITAS ELECTORAIS**: a primeira, o 28 de maio, para elixir as novas corporacións municipais; e a segunda, nunha data por determinar, mais previsiblemente na segunda metade do ano, coas eleccións xerais. Non parece probable que haxa un adiamento dos comicios galegos, cuxa celebración cumpriría no ano 2024, mais o tempo o dirá.

Olga Álvarez, Daniel López



Facer comunidade no barrio, facer barrio desde a comunidade



O pasado outubro, a parroquia do Cristo da Vitoria de Coia (Vigo) cumpriu 50 anos da presenza dos seus responsables dominicos. E andan aínda coas celebracións. Naquel ano 72 albiscábase o final da ditadura, importantes loitas obreiras eran duramente reprimidas e nacía aquel barrio de familias traballadoras. A parroquia nace cun estilo novo porque aquela realidade así o demandaba. Viñeron despois anos de creatividade, proxectos, presenzas e estilos renovados. Coia foi referencia en Irimia de parroquia urbana renovada, unha comunidade de comunidades fecundadora de iniciativas que melloraban a vida do barrio e daban sentido e esperanza vital a quen se involucra en todo aquel dinamismo. Conversamos con Juan Antonio Terrón, párroco.

A parroquia ten unha historia ben fecunda, dá a impresión de que había un bo proxecto e que ese proxecto se levou a cabo. Miremos para estes 50 anos. Falemos das cousas boas. Que aspectos serían os máis salientables e definitorios dese pasado?

A historia da nosa parroquia está estreitamente vinculada co momento e o lugar nos que naceu: un barrio obreiro

nacemos nun barrio obreiro en construción, en tempos de efervescencia social e de renovación eclesiástica

en construción, en tempos de efervescencia social e de aires de renovación eclesiástica. De aí brota o que creo que foi o noso maior sinal de identidade: o empeño por construír comunidade cristiá á vez que se construía comunidade humana. Pensar a parroquia como unha estrutura de pequenas comunidades que tecían a armazón da gran comunidade. Tratábase e trátase de xerar un espazo de acollida no que calquera puidese atopar o seu lugar.

De aí xorde tamén o compromiso social como camiño de mellora das condicións de vida da nosa contorna. Sempre entendemos a necesidade da denuncia profética como un motor para a transformación. Neste sentido, ademais, creo que fixemos unha ache-ga relevante en canto á necesidade e conveniencia da tarefa conxunta con

sectores e movementos tradicionalmente afastados da Igrexa.

Fixémolo con perseveranza, desde esa actitude que nalgúns ámbitos se chamou unha “mística da militancia”. E iso conduciunos, ademais, a un modelo de celebración que pon no centro a nosa vida e as experiencias como pobo. Nas súas expresións e símbolos..., tamén na súa lingua.

Seguro que tamén houbo cousas mellorables...



Mirando cara a atrás, penso que a nosa obsesión por construír tecido comunitario, por fortalecer o colectivo, puido nalgúns momentos restarlle atención ao acompañamento máis persoal. Cremos que os procesos de maduración cristiá fanse xunto a outras persoas, pero é evidente que tamén requiren dunha construción interior que non pode desatenderse.

Cando se ten unha estrutura sólida, asentada, e dalgunha maneira é éxito, tamén se fai máis difícil a flexibilidade para asumir e incorporar os cambios que a realidade vai demandando. Sempre vivimos na tentación de manternos nos modelos de actuación que se mostraron eficaces no pasado e que seica xa non o son tanto.

Pola mesma razón, quizais fomos nalgún tempo demasiado autorreferenciais e faltounos contraste e proximidade con outros espazos de Igrexa. Afortunadamente, nos últimos tempos algo diso puidemos ir reconstruíndo.

Aqueles tempos de posconcilio eran moi distintos aos actuais en moitos aspectos. Despois do posconcilio veu ou pos-posconcilio, un temporal involucionista e, en moitos sitios, as renovacións parroquiais foron frustradas. Tamén a sociedade evolucionou en termos de pluralismo e secularidade. A imaxe actual da Igrexa non está non seu mellor momento. Estas cousas aféctanvos? Ou afecta

máis a “disolución do comunitario” na vida da xente?

Desde logo, non somos alleos ás consecuencias do clima social e eclesialístico no que vivimos. A realidade transformouse enormemente e foi deixando pegada no noso facer. En calquera caso, creo que as conviccións

a maduración cristiá tamén require dunha construción interior que non pode desatenderse

fundamentais que alentaron a nosa historia seguen sendo relevantes hoxe.

Nun mundo marcado polo individualismo autocomplacente, a oferta comunitaria mantense, ao noso criterio, como a mellor alternativa para construír unha humanidade renovada desde os valores do Evanxeo.

Nunha realidade tinguida de desigualdade, nunha “cultura do descarté”, como a define Francisco, o compromiso cos sectores máis vulnerables debe seguir no centro da preocupación dunha comunidade cristiá.

Nun momento de compromisos débiles, recuperar a militancia como camiño de vida faise tamén urxente.

Cales serían logo os desafíos do presente?

Primeiro de nada, volvernós facer conscientes de que a oferta evanxélica é sempre dalgún modo “contracultural”, que precisa dun empeño constante. Son os momentos “críticos” os que afianzaron historicamente a Igrexa, nos que se mostrou a súa mellor verdade. Os tempos cómodos instálannos na rutina e a irrelevancia.

Debemos escoitar o presente e sermos honestos coa realidade. É importante non facer diagnósticos desesperanzados e simplistas, nos que se mostre a unha Igrexa inxustamente desprazada por un mundo hostil. Toda historia, tamén a nosa, é historia de salvación e é no momento presente e non noutro no que debemos facer valer a proposta evanxélica.

Temos que renovar o esforzo conciliar por facernos solidarios do xénero humano e a súa historia, compartindo os gozos e as esperanzas, as tristezas e as angustias da xente do noso tempo. Se a nosa mirada á realidade non é adecuada, tampouco o serán as nosas respostas.

O estilo, a teoloxía, os acentos e prioridades da vosa parroquia seica provocaron que nalgún sínodo dioce-

Ferrados de corazón

Facer comunidade no barrio, facer barrio desde a comunidade



sano se dixese de vós que “cheirabades a teoloxía da liberación”. Houbo que sortear presións e ataques de diversa procedencia?

Sería sinxelo caer na tentación de construír un relato épico de resistencia, pero a realidade foi máis sosegada. É certo que os nosos modos de facer no pastoral, no litúrxico, na nosa presenza pública, contrastou sempre con outras maneiras de entender na nosa igrexa diocesana e que en ocasións percibimos como problemática a distancia coa sensibilidade xeneralizada. Pero sendo sincero, teño que dicir que foron escasísimos os momentos nos que nos sentimos amoestados ou abertamente cuestionados pola xerarquía diocesana.

A miña impresión é que, a pesar da distancia na sensibilidade espiritual e pastoral, sempre se recoñeceron os froitos evanxélicos da nosa parroquia.

Comezastes tamén con ministerios laicos. Que son e que tal están a funcionar?

Desde o inicio, a participación dos laicos na xestión e a toma de decisións na nosa comunidade cristiá foi unha

constante. Non é nada novo entre nós a presenza cualificada de segrares á fronte de distintos sectores de actividade.

Hai uns anos, pareceu de valor subliñar esta dimensión, solemnizala dalgún modo. Instituír ministerios laicais é unha achega a este momento no que tanto falamos de sinodalidade, seguir

se non podemos ir ao extenso, vaiamos ao profundo, dotemos de máis sentido o que facemos

profundando na idea dunha Igrexa de iguais.

A miña impresión é que os resultados son excelentes e non só na súa dimensión práctica, no que supón repartir cargas e responsabilidades; tamén na perspectiva que se abre ao que ao noso xuízo han de ser as parroquias do futuro: espazos desclericalizados, participativos e corresponsables.

Como vedes o futuro. Cales serían os retos e as propostas necesarias? Que manter, que renovar, que inventar?

O primeiro dos retos ten que ver con asumir a realidade. Facernos conscientes de que non é quizais un momento de multitudes nin de grandes accións e aproveitar a oportunidade de valorar o pequeno. Por tanto, hai tarefa en acomodar as nosas estruturas, pensadas para outro tempo, á realidade do presente.

Se non podemos ir ao extenso, vaia-mos ao profundo, dotemos de máis sentido o que facemos.

Debemos, ademais, introducirnos na “cultura dos coidados”, que ten moito que ver coa construción da fraternidade, pero tamén coa atención á identidade persoal.

Hoxe a sociedade demanda unha atención especial aos retos do medio ambiente, ao papel das mulleres, á atención á diversidade... Todo iso móstranos novos camiños de acción e preocupación que tamén deben de ser explorados e abordados desde a cosmovisión cristiá. Nesta dirección hai aínda moito por avanzar.

Hai que facer tamén un esforzo imaxinativo na área da transmisión da fe. A pesar do moito traballo investido, o evidente envellecemento das comunidades cristiás mostra que non tivemos o suficiente éxito na presentación da nosa oferta de vida ás xeracións máis novas. Creo que hai, ademais, un reto importante na adecuación aos seus ritmos vitais. Temos que conxugar a nosa convicción nos procesos longos, constantes e reflexivos cunha nova sensibilidade, que reclama certa inmediatez e pon acento no valor da parte máis sentimental da persoa.

Os nosos corpos, nosoutras

A primeira vez que me preguntaron se estaba a favor ou en contra do aborto foi nunhas xornadas de presentación da teoloxía feminista. Estabamos dúas mulleres de relatoras e conseguimos que asistise bastante xente e moi diversa, incluso grupos non próximos ao feminismo cristiá, tanto dun lado coma do outro. Foi na quenda de preguntas. Unhas rapazas novas levantaron a man: “E vós, que opinades do aborto?”.

Pillounos algo de sorpresa. A pregunta non viña a conto, aínda que agora, con perspectiva e máis coñecementos sobre a historia do feminismo, podo entendela mellor. A liberdade de decisión das mulleres, especialmente sobre o seu corpo, é unha das liñas mestras dende o principio do movemento feminista. E polo que estamos a vivir agora mesmo, cuns señoros que opinan con intención de facer dano, aínda lle queda camiño.

Independentemente das liortas políticas, a realidade actual é dura para as mulleres que fan unha interrupción voluntaria de embarazo (no mundo sanitario: IVE). Legalmente tes unha cobertura parcial. Un reloxo legal de 3 meses (curiosamente, o mesmo tempo no que santo Tomás dicía que a alma entraba no corpo humano), 4 en casos puntuais, onde que tes que actuar rápido, con coñecemento e tomando decisións importantes baixo presión. Un escenario ideal no que, por suposto, sirva a retranca, todas as mulleres estamos preparadísimas e contamos con educación e formación de alto nivel.

Na Galiza podes ir pola vía privada ou pola pública. Na privada é un mínimo de 600 €/900 €, un prezo para todas as economías. Pola Seguridade Social, o protocolo parte das unidades

de Planificación Familiar (nada de consultar co teu médico de cabeceira), que che pasa unha consulta con psicoloxía antes de con xinecoloxía. A perla do pastel pona un sobre no que che dan os seguintes papeis: 1, a lei; 2, as axudas para ter fillos. Si, leron ben. E para mais inri, tes a obriga de esperar tres días naturais na túa casa antes de volver por alí. Coma se os textos legais puidesen supoñer un consolo ou un consello. Apáñate.

Non é igual en todas as comunidades autónomas. En Cataluña contas cunha unidade para-sanitaria, CJAS - Centre Jove d'Atenció a les Sexualitats, que te acompanya tanto antes coma despois do proceso e que te pon en contacto con persoas na túa mesma situación. Ademais, cada caso é un mundo, cheo de grises ante os cales non debemos xulgar a ninguén.

É precisamente este enfoque o que deberiamos tentar levar nas discusións que teñamos sobre o aborto. Nada de chulería propia do patriarcado que condena. Mellor, unha actitude inspirada nun deus todocoidadosa, todoagarimosa, que non xulga, senón que apoia e acompanya. Lembro a resposta inocente que lles demos ás rapazas nesa conferencia: “Ante o sufrimento, sempre estamos do lado da persoa que sofre. Aborto si ou non, dependerá de cada caso; **o que si é seguro é o si á liberdade de decisión**”. Hoxe eu engadiría que o que temos é que loitar por unhas condicións boas para o IVE, accesible para todas sen importar cantos cartos teñan na súa conta, o seu nivel de formación, privilexios sociais etc. Se Deus nos deixa liberdade para todo, ata para non crer nel, como non nos deixará tomar decisións sobre a nosa reprodución?

P.D.: Na web da Asociación MCG Exeria (<https://www.exeria.org/documentos>), podes consultar o documento “*Aborto como interrupción voluntaria do embarazo*”, do Espazo Pesando en Común.



temos que loitar por unhas condicións boas para a o IVE, ás que toda persoa poida acceder sen sentirse humillada.

Felipe Arias Vilas

Polo sueste ourensán: terras do Bolo e da Veiga



Santuario das Ermidas

As Ermidas e moito máis

A proposta de viaxe que escollemos desta vez discorre por terras pouco coñecidas, a non ser que incluíamos a visita ao Santuario das Ermidas (concello do Bolo), que sempre atraeu a devotos e peregrinos e que impresiona tamén pola paraxe na que está e pola súa monumentalidade.

A súa Semana Santa ten moita sona, especialmente o seu vía crucis do Venres Santo, que congrega centos de fieis neste lugar. Ademais, a comarca é abondosa en cruceiros e no ámbito do patrimonio natural temos os vales encaixados do Xares e do Bibei, este último declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e de especial protección.

Precisamente para uso das moitas persoas que accedían a aquel santuario e para salvar o paso do río Xares, construíuse en Portomourisco, en 1703, unha ponte que ben merece unha parada para ver o seu gran arco e a súa grata contorna. Portomourisco foi un activo centro alfareiro, caracterizado pola presenza de mulleres oleiras

que traballaban o barro en torno ou en roda baixa, actividade que cesou ao redor de 1925, pero que quedou como recordo etnográfico-histórico deste lugar.

A Torre do Bolo


O Bolo é un concello con moito acervo patrimonial. Non está probado que sexa a poboación galaico-romana de *Volob riga*, pero a súa orixe altomedieval é incontestable. A torre de home-

naxe do seu castelo, de 22 m de altura, érguese maxestosa no lugar máis elevado da vila, no principal núcleo do concello. A súa construción debeu iniciarse no s. XII, pero sufriu importantes danos nas revoltas dos Irmandiños e reconstruíuse a fins do s. XV. Pertenciu aos Condes de Benavente e de Lemos e recibiu privilexios polos servizos prestados á Coroa de Castela como vila que foi de reguengo a partir do s. XVI. Abandonada durante séculos, foi logo rehabilitada cunha mostra de ambientación histórica e desde a torre, ademais de gozar da paisaxe onde predominan os viñedos, poden verse os restos da muralla, o patio de armas, o alxibe e un edificio anexo construído no s. XVII. Tamén son de interese a igrexa, con partes románicas e algunha casa señorial brasonada.

aO Santuario do Cristo da Ascensión de Prada

Desde O Bolo collemos a estrada que nos leva ao concello e ao núcleo da Veiga, onde atoparemos lugares para xantar ao pé do encoro de Prada, que ata aquí chega.

Bordeando precisamente este encoro, en dirección ao Barco de Valdeorras, por Riomaio e Santigoso, e



Portomourisco



Castelo do Bolo

subindo pola vertente norte da Serra do Eixe, pola Portela do Valado, por riba dos 1000 m de altitude e entre impresionantes paisaxes montesíos, chegamos á parroquia de Prada, onde se atopa, nun desvío á esquerda, o moi singular enclave do Santuario do Cristo da Ascensión.

É probable que esta igrexa fose construída sobre outro templo de comezos do s. XVII, pola inscrición *Ascension 1609 Domini* que existe na capela. As

primeiras evidencias do santuario actual datan do ano 1798, aínda que xa en documentos de 1796 consta que os canteiros extraeron pedra dos “moreiros” para a construción do santuario, sufragada en gran parte coas esmoladas dos fieis.

O Santuario do Cristo da Ascensión atópase nun enclave privilexiado e illado nunha impresionante paraxe montesía, rodeado dun bosque de castiñeiros sobre o río Mao. Ten planta de

cruz latina, con dúas capelas laterais, unha delas con imaxes da Virxe das Dores e a outra con imaxes de Cristo. O altar central presenta unha imaxe de Cristo no momento da súa ascensión, rodeado da Virxe e dos apóstolos, imaxe que, segundo parece, foi doada polo Marqués de Figueroa e elaborada polo afamado escultor neoclásico noiés José Ferreiro.

A sancristía data de 1806 e está situada na cabeceira e a dous niveis; no superior hai un curioso balcón con envorcado de pedra e un púlpito que se utilizan para celebrar misas ao aire libre cando hai moitos devotos. O coro atópase cuberto por unha bóveda de pedra de medio canón e os muros interiores son de cachotería con perpiaños ben labrados nas esquinas.

A comezos do s. XIX levantouse o campanario e en 1825, coa adquisición dos seus sinos, deuse por concluída a construción do templo, que hai algúns anos foi restaurado e rehabilitado, xunto co seu contorno etnográfico, cuns pintorescos casetos en liña, para dar servizo a devotos e peregrinos nas datas de celebración, a comezos de xuño.

Seguindo a estrada que traíamos, e se non queremos volver sobre os nosos pasos cara á Veiga e O Bolo, a nosa viaxe pode rematar baixando ata o Sil, na zona do Barco de Valdeorras.



Santuario do Cristo de Prada



No remate do ano pasado, o 10 de decembro, tivemos a primeira celebración comunitaria do Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s. Atopámonos no CSC “Agustín Bueno” do Castiñeiriño máis de trinta persoas con diferentes xeitos de ser, de pensar e incluso de crer, pero unidos polo noso desexo dun mundo máis xusto e fraterno. Desde as diferentes realidades nas que nos movemos, e incluso desde as perspectivas que dan as distintas idades e os percorridos de vida de cada unha de nós, realizamos un acto de reflexión e denuncia, ao mesmo tempo que celebramos o encontro e a vida.

Tempos incertos, incerto futuro

Comezamos a xornada facéndonos conscientes de que verdadeiramente estamos a vivir tempos de moita incerteza, de inseguridade, onde o futuro constitúe unha incógnita, tanto no eido persoal coma no social ou no eclesíastico.

É certo que o simple feito de vivir está cheo de incertezas, nunca houbo “tempos tranquilos” nin somos quen de “controlar” a vida, pero neste momento estanos tocando vivir realidades coas que non contabamos e que seguramente van máis alá desa incerteza “vital”. Entre outras, acabamos de pasar por unha pandemia que nos amosou a nosa fragilidade (individual e colectiva); estamos revivindo guerras e conflitos moi próximos que nos recordan etapas da historia que criamos superadas; vivimos unha situación económica de moita inestabilidade, na que a maioría empeoramos as nosas condicións de vida, mentres unha minoría moi minoritaria se enriquece dunha maneira obscena; seguimos vivindo nunha alerta climática no planeta, ante a que apenas estamos a

facer nada, aínda que os síntomas son cada vez máis evidentes e formamos parte duns grupos e comunidades cun futuro tamén incerto.

As nosas inquedanzas concretas

Despois dun primeiro momento de VER a realidade do mundo actual, compartimos as nosas inquedanzas, as INCERTEZAS e preocupacións que nos producen as situacións que estamos a vivir:

- Desde un punto de vista global, sentimos o peso do capitalismo feroz, dun sistema estruturalmente inxusto, de leis discriminatorias, do racismo, do machismo, do patriarcado, da falta de conciencia ecolóxica, de guerras políticas e económicas...
- Desde un punto de vista da sociedade, preocúpanos que existan familias sen teito, mozos e mozas sen futuro laboral ou cuns salarios que non lles chegan para vivir dignamente, o deterioro constante da educación pública e a sanidade, a manipulación das nosas concien-



toca vivir realidades coas que non contabamos e que van máis alá da dose normal de incerteza “vital”

cias, o rexurdimento de colectivos cheos de fundamentalismos e incoherencias...

- Desde un punto de vista máis persoal, dóenos o individualismo e a insolidariedade cada vez máis presente entre nós (sálvese quen poida), o illamento e a soidade (sobre todo, das persoas maiores), o pasotismo, o desánimo, o desalento, a ansiedade e os problemas psicolóxicos que producen estas situacións (saúde mental danada), a crispación cada vez maior coa que vivimos, as micro-violencias...

Destacar que unha das reflexións que estivo presente ao longo de toda a xornada foi que non debemos perder a perspectiva. Que se miramos o mundo desde o punto de vista das persoas que viven na pobreza extrema ou desde os case novecentos millóns de persoas fomentas, eles non teñen incertezas, senón a certeza do mal vivir, da invisibilidade, de que non existen.

Pero tamén certezas e camiños

Nun segundo momento, entre todos, fomos quen de atopar algunhas CERTEZAS, camiños de ESPERANZA que nos animan a seguir adiante:

- A nivel global, sentimos que cada vez é maior a conciencia de que o sistema económico actual é insostible e que é posible promover cambios nas institucións a nivel social, medioambiental e económico (como o exemplo do feminismo, que está aportando liberación e dignidade á nosa sociedade). Que se poden levar a cabo compromisos de reconstrución de países en guerra.
- A nivel colectivo, da sociedade, queremos seguir promovendo máis iniciativas onde o centro sexan as persoas (sobre todo as máis empobrecidas, os colectivos minorita-

rios...) e a protección do medioambiente. Imos seguir apoiando redes sociais descentralizadas, enredándonos en movementos polo ben común, pola defensa do público, da renda básica... Sempre con respecto e espírito crítico, nunca con indiferenza.

- A nivel persoal, nestes tempos temos que acentuar a mirada no que agroma, ser como o orballo que vai empapando a realidade pouco a pouco. Crear na nosa capacidade de resiliencia, manter a coherencia e a solidariedade cos máis pobres. Coidar a comunicación coas persoas que temos cerca, acompañar. Valorar e coidar os nosos grupos e comunidades. Iluminar e ilusionar o noso entorno. Seguir sempre adiante, con perspectiva en positivo.

Unha das certezas nas que máis se insistiu foi na necesidade de manter viva a ilusión e a esperanza, coa forza que nos dá a confianza en Xesús, pero unha “esperanza activa” porque, como diría Casaldáliga, só teñen dereito a ter esperanza os que traballan por que as cousas cambien.

Un paso cada día

Non podemos poñer sobre o papel todo o que se dixo e se reflexionou nesta xornada, pero coas achegas que cada persoa foi facendo, conseguimos encher de follas un fermoso carballo. Nel, como na vida mesma, conviven as nosas incertezas e certezas.

O sentir xeral ao remate do encontro foi moi positivo e saímos ilusionados e con moi boa sensación deste “novo” Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s (antiga Coordinadora).

Como conclusión e tarefa, rematamos parafraseando a Deme Orte (poeta e compañeiro das CCP de Valencia):

**seguiremos apoiando
redes descentralizadas,
enredándonos en
movimentos polo ben
común**

*Soñamos e queremos un mundo máis xusto,
pero antes
e mentres tanto,
dar un paso
e outro
día a día.*

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981
Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.
Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilariño, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedron, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Baliñas Vidal.
Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscripcións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.
Telf.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.
Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal
Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628
Depósito Legal: C-1417-81
Tirada: 650 exemplares
Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)
ISSN: 2172-9182
Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas
Distribúe: IMPACTA
Edición electrónica: <http://irimia.gal>
Feito en papel reciclado






Coia, parroquia do Cristo da Victoria
50 anos
facendo comunidade
no barrio

Actividade subvencionada pola

Deputación DA CORUÑA

Joseph Aloisius Ratzinger. O xuízo e o perdón

Muniqués nado no 27, ordenado coma sacerdote no 1951, consagrado bispo e cardeal 26 anos despois, Prefecto para a Congregación da Fe durante 23 anos e Papa desde o 2005, Joseph Aloisius Ratzinger morría este 28 de decembro despois de pasar os seus últimos oito anos coma Papa emérito, tras a súa renuncia en 2013.

Obituarios

Moito se escribiu sobre a vida e obra de Ratzinger a raíz da súa morte. Sorprendéronme gratamente os artigos de Leonardo Boff, Pikaza ou Queiruga, entre outros, polo enfoque da súa análise, centrándose na tarefa teolóxica ou institucional do finado e non tanto sobre a súa persoa. Análises contidas e ben explicadas que foxen dos posicionamentos extremos que adoitamos ver: un Ratzinger santo ou demo, segundo as ideas de quen comente.

É difícil separar á persoa das funcións que desempeñou na súa vida. Do home pouco sabemos, e para o segundo se agradecen reflexións serias e ben fundamentadas. Non deixei en pensar no que di a Biblia sobre o xuízo, en especial en Mt 7, 1.

O paradoxo é que, como Prefecto para a Congregación da Fe, Ratzinger si que xulgou. Decidiu que aspecto, idea, pensamento era católico ou non, así como que e quen podía ensinar e como. Mesmo sentenciou sobre o papel que teñen as outras igrexas cristiás dentro do plan salvífico de Deus. Non só expuxo nas súas obras as ideas que tiña sobre a fe, a Igrexa ou Xesús, senón que actuou contra quen defenderon posturas opostas. Determinou quen non había sitio para a teoloxía da liberación, nin para a teoloxía feminista, nin para quen non concordaba cos seus posicionamentos en moral, ou para quen se introduciron na teoloxía do pluralismo relixioso. Nas tarefas agrícolas do reino non tivo moita paciencia, e a súa sega non agardou para separar xoio, trigo e mesmo millo americano.



Perdón

Impresionoume o artigo que escribiu Thomas J. Reese tras a súa morte. Este xesuíta foi director durante sete anos da revista mensual *America*, editada polos xesuítas de EE.UU. Desde este medio contribuíu ao debate dentro da Igrexa estadounidense, dando cabida a temas como a homosexualidade, o celibato dos cregos, o aborto ou o control da natalidade. Aínda que oficialmente nunca se recoñeceu, a renuncia de cargo de director no 2005 debeuse ás presións do Vaticano sobre os xesuítas, cunha Congregación para a Doutrina da fe (Ratzinger) que xa lle impuxera un comité de censores para controlar o seu traballo.

No seu artigo parte Reese perdoa a Ratzinger. Non o xulga, perdóao. E conta polo que el tivo que pasar debido á acción deste cardeal. Que grande oportunidade, para todos nós, persoas, asociacións, grupos eclesiais ou movementos e parroquias, para saírmos e contar a nosa historia que vivimos no período de mandato de Ratzinger, desde como Prefecto para a Doutrina da Fe ou coo Papa. En primeira persoa, desde o desaparego de leigas e leigos, os medos e as autocensuras (ou censuras) a relixiosas e relixiosos, a asociacións coma Irimia ou a revistas coma Encrucillada, por non ir alén da nosa terra. Daría para un bo libro de relatos!!

Falando da lingua

Lidia e Valentina

De allos e bugallos...

Comezabamos o ano, no número anterior, con contos vellos arredor da situación sociolingüística do galego. E quedounos fóra o tema da lingua propia, que tamén houbo quen o quixo colocar no medio do debate para quitarlle ferro á perda enorme de falantes de galego entre a xente nova. As políticas lingüicidas están dando os resultados esperados: o galego xa é lingua estranxeira para a maioría da rapazada e mocidade galegas; o peor é que nin así saben máis inglés. Desde que se comezou no século XV cos intentos de eliminar a nosa lingua como sinal de identidade, o dano feito foi moito, mais aínda se foi resistindo. Agora quédalle decidir, á poboación galega -falante ou non- pero consciente da nosa realidade cultural, se vai aceptar que se diga que o castelán é tan lingua propia coma o galego e que empece a ocupar os únicos lugares formais onde se emprega, aínda que sexa de xeito ritual. Deixar que se desligue o galego do concepto “(única) lingua propia de Galicia”, tal e como reza o noso Estatuto de Autonomía, é unha estratexia

coa que se pretende darnos o último golpe de graza. Mais, tal e como di a canción de Ses “aínda seguimos aquí, a aturar tempestades de sal”.

E **aturar**, que vén do verbo latino *obdurāre* (ter paciencia), tamén existiu en castelán co significado que ten en galego de “aguantar”, pero quedou en desuso. Se cadra é porque non teñen que aturar tantas coma nós...Mais deixámolo aquí porque iso é difícil de valorar. Así que imos centrarnos en que nos digades se aturades ben o frío,

ou se aturades mellor a chuvia, porque xa sabedes que, aínda a pesar do cambio climático, “Entre xaneiro e febreiro, inverno verdadeiro”. E como nos está a tocar inverno de chuvia abundante si que se vai cumprir para o campo aquilo de “As patacas de xaneiro van na cesta e veñen no sombreiro”, claro que isto só se aplica, nas zonas de costa, onde se botan as patacas de cedo nesta época. No resto esperemos que funcione o de “para ter bo alleiro, pon o allo no xaneiro”...



O fachineiro das reivindicacións

Físgoas



Hai máis dun mes que en Alemaña andan protestando contra unha brutal mina a ceo aberto, algo do que sabemos moito por estas terras. Alí, ademais, o Partido Verde ten que afrontar esa contradición desde a coalición de goberno. A noticia coincide co anuncio que a Empresa San Rafael fai dunha presunta minaría sostible en Galicia -despois de anos de protestas veciñais de diferentes asociacións contra a mina de Touro. Moitos son os colectivos que se veñen manifestando en contra dos macroeólicos, en contra de macrogranxas, en contra de depósitos de residuos, en contra de vertidos, en favor da sanidade ou da educación públicas. Parece increíble o tempo que hai que investir en protestar por asuntos que os propios gobernos deberían garantir. Pero non queda outra: unha sociedade que crea no futuro ten que andar buscando as físgoas no asfalto do capitalismo para poder seguir.

A.Q.